PONTES
Arquitectas e enxeñeiras civís

Sarah Guppy

En 1811 foi a primeira muller que patentou unha ponte, antecedente da construción da ponte colgante de Clifton en Bristol. Foi unha pioneira na loita para que as mulleres puideran acceder á educación.

wikipedia.org

Marie-France Clugnet

Foi a primeira muller en titular na École des Ponts et Chaussées na promoción de 1962. Especialista en pontes e estradas ten unha longa carreira na Administración.

futuropasado.com

Emily Warren Roebling

É coñecida pola súa decisiva contribución á conclusión da Ponte de Brooklyn. Converteuse de feito na enxeñeira xefa da obra.

wikipedia.org

Novembro 2024

Tempo de mulleres, mulleres no tempo

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
				1 1874 Nace Clotilde Kate Brewster en Francia. É considerada a primeira arquitecta internacional, formada en Italia e Inglaterra, debuxante e con coñecementos de restauración.	**2** 1955 Nace Annie Laurie Gaylor. En 1977 xunto á súa nai (Anne Nicol Gaylor) e grupos feministas encabezaron a protesta que conduciu á destitución do xuíz Archie Simonson.	**3** 1526 Nace Katherine Briçonnet, pioneira que supervisou e tomou importantes decisións arquitectónicas da construción do Castelo de Chenonceau no Val do Loira.
4 1973 Nace Ida Annah Ryan, arquitecta estadounidense que creou un dos primeiros estudos de arquitectura formados por mulleres. 2021 María Novas publica o seu libro *"Arquitectura y género"*.	**5** 1988 Falece Jakoba Helena Mulde, arquitecta e urbanista holandesa que traballou na Administración Municipal da cidade de Amsterdam durante máis de 40 anos.	**6** 1946 Nace Susie Orbach en Londres, psicoterapeuta británica, psicanalista, escritora e crítica social. No seu primeiro libro *Fat is a Feminist Issue* analizou a psicoloxía das dietas nas mulleres.	**7** 1911 Nace Ángeles Santos, Portbou, pintora e artista gráfica pertencente á Xeración do 27. En 2003 recibiu a Medalla de Ouro ao Mérito ás Belas Artes.	**8** 1897 Nace Juana Pereyra en Montevideo, enxeñeira civil graduada en 1920 que a converteu nunha das primeiras enxeñeiras de América do Sur.	**9** 1964 Falece Cecília Benevides de Carvalho Meireles, poeta brasileira, profesora e xornalista de gran prestixio.	**10** 1887 Nace Elisa Leonida Zamfires en Romanía. Foi rexeitada na Escola de Pontes e Camiños de Bucarest por ser muller. Estudiou en Berlín.
11 1859 Nace Elisabeth (Betsy) Baeldef en Rotterdam, activista polos dereitos da muller, pacifista e feminista.	**12** 1926 Nace Taneko Suzuki, experta en química de proteínas e no desenvolvemento de alimentos a partir de proteínas de pescado.	**13** 1893 Nace Mary Ellinor Lucy Arche, a primeira muller científica na Organización de Investigación Científica e Industrial da Commonwealth (CSIRO) de Australia.	**14** 1980 Falece Jeanne Halbwachs, pacifista, feminista e socialista francesa. Foi unha das principais figuras do pacifismo integral dos anos trinta.	**15** 2018 Elisa Valero Ramos, primeira muller do mundo en recoller o premio Award. *Swiss Architectural Award.*	**16** 2020 María Luz Rivas Díaz, enxeñeira galega, entra a formar parte como vicepresidenta da Comisión de Posta en Valor da Enxeñería do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia.	**17** 1955 Nace Amanda levete, arquitecta británica. Gañou en 2018 o *Premio Jane Drew* que recoñece o seu traballo e o seu compromiso con visibilizar á muller na arquitectura.
18 2022 A enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dina Aryan-Zahlan foi nomeada Muller do Año 2022 de WTS – Os Anxeles.	**19** 1976 Falece Elisa Bachofen, enxeñeira arxentina. Activista feminista, unha das fundadoras da Unión Feminista Nacional en 1918. 2018 Falece en Santiago de Compostela Elena Arregui Cruz-López, unha das primeiras mulleres en estudar a carreira de arquitectura en España.	**20** 1885 Nace Olive Wetzel Dennis en Pensilvania, enxeñeira cuxas innovacións no deseño cambiaron a natureza das viaxes en tren.	**21** 1850 Nace Salomé Ureña en Santo Domingo, poeta e educadora recoñecida pola súa defensa a favor dunha mellor educación para as mulleres.	**22** 1922 Nace Elissa Aalto, arquitecta finesa.	**23** 1900 Nace Delia Weber, narradora e pintora. Foi defensora dos dereitos das mulleres participando na directiva de Acción Feminista Dominicana.	**24** 2008 Falece a arquitecta madrileña Matilde Ucelay Maortu, a primeira licenciada en arquitectura en España.
Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra a Muller **25** 1963 Nace Inés Sánchez de Madariaga en Madrid, arquitecta e urbanista feminista.	**26** 1920 Nace Marina Waisman en Arxentina, arquitecta e docente. Especializouse no estudo do Patrimonio e participou na restauración de diversos edificios históricos.	**27** 1928 Nace María Belén Morales en Santa Cruz de Tenerife, escultora e pintora que en 1965 organizou a 1ª Exposición de Mulleres Artistas nas illas.	**28** 1950 Nace Carolina Martínez Pulido, bióloga canaria. A súa investigación está centrada no protagonismo e nas aportacións das mulleres ás Ciencias Biolóxicas.	**29** DÍA INTERNACIONAL DAS DEFENSORAS DOS DEREITOS HUMANOS	**30** 1946 Nace Marina Abramóvich en Belgrado (Iugoslavia). A súa obra explora a través da performance a relación entre artista e audiencia.	

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG